

**RESUMO DOS CONTIDOS DAS MATERIAS DE OPCIÓN
E DAS MATERIAS OPTATIVAS EN 4ºESO**



Neste documento preséntase un resumo das materias de opción e optativas en 4ª ESO.

Para dispoñer dunha información máis detallada, pódese consultar na páxina web do centro, concretamente no apartado de documentación ou presentación de materias, dentro das pestanas dos diversos departamentos didácticos.

4º ESO

● MATEMÁTICAS A

Resolución de problemas, investigación e análise matemática de situacións da vida cotiá. Trabállanse o cálculo, as relacións e proporcións, a medida, a xeometría, a álgebra, a representación gráfica de funcións, o pensamento computacional, a análise de datos estatísticos e a educación financeira, fomentando a interpretación e a estimación crítica de resultados.

Nota: Elixo esta opción se o teu interese é cursar un ciclo formativo de grao medio ou un bacharelato sen matemáticas.

● MATEMÁTICAS B

Afonda nos procedementos alxebraicos, xeométricos, analíticos e estatísticos. Trabállanse o cálculo, as relacións e proporcións, a medida, a trigonometría, a álgebra, as inecuacións, as funcións exponenciais e logarítmicas, o pensamento computacional e a análise de datos, cun enfoque máis rigoroso e abstracto. Ten un carácter académico e aborda os contidos con maior profundidade.

Nota: Elixo esta opción se o teu interese é facer o Bacharelato de Ciencias e Tecnoloxía ou o Bacharelato de Ciencias Sociais con Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais.

MATERIAS DE OPCIÓN EN 4º ESO

- **Biología e xeoloxía.** Materia orientada á investigación científica mediante a formulación de hipóteses, a experimentación e a interpretación de resultados. Estúdanse a terra, a estrutura e dinámica da xeosfera (placas, rochas, relevo, mapas xeolóxicos,...), o sistema solar (orixe e estrutura), a célula e a xenética, así como a orixe e evolución dos seres vivos. Análizanse tamén os ecosistemas, as súas interaccións e os cambios ambientais.
- **Física e química.** Materia que desenvolve destrezas científicas básicas a través da adquisición de normas e linguaxe científica, proxectos de investigación e traballo de laboratorio. Abórdase a estrutura da materia (átomos, compostos químicos, nomenclatura...), a enerxía e as súas interaccións (fontes, transferencias, forzas, vectores, gravitación, ondas, movemento, fluídos, a enerxía na vida cotiá...) e as reaccións físicas e químicas. Favorece a comprensión dos fenómenos naturais e a súa aplicación á vida cotiá.
- **Latín.** Materia que permite comprender a influencia da civilización romana no mundo actual, especialmente na lingua, a cultura e a sociedade. Estúdanse o legado da romanización en Hispania e Gallaecia (xeografía, historia, lingua, sociedade, política, cultura, literatura, mitoloxía,..) e as raíces do plurilingüismo (linguas románicas, abecedario, latinismos, raíces léxicas,...). Trabállase a comprensión e interpretación de textos latinos sinxelos.
- **Economía e emprendemento.** Materia que introduce os conceptos básicos do funcionamento da economía, do mercado e do sistema financeiro, e do entorno como oportunidade de negocio. Desenvolve a iniciativa emprendedora, a creatividade e o traballo en equipo mediante a elaboración de proxectos empresariais (planificación, viabilidade, xestión e execución). Análizase o papel da empresa na sociedade e a toma de decisións responsables.
- **Formación e orientación persoal e profesional.** Materia que profundiza no autoconhecimento (psicoloxía da personalidade, das emocións, da conduta, da motivación, das capacidades cognitivas, da socialización...) e no desenvolvemento de estratexias (autonomía, autocrítica, ferramentas sociais, de comunicación, dixitais, de organización, traballo en equipo, saber buscar información sobre formación académica, acceso ao mundo laboral e coñecer os tipos de emprego). Promove a elaboración dun proxecto persoal, académico-profesional e a busca activa de emprego (saber planificar, tomar decisións e levalo á práctica).

- **Tecnoloxía.** Materia orientada ao deseño e desenvolvemento de solucións tecnolóxicas a problemas reais mediante procesos de investigación, planificación, construción e avaliación. Trabállanse os sistemas mecánicos, as estruturas, os materiais, os procesos de produción e o uso responsable da tecnoloxía, fomentando o pensamento crítico, a creatividade e o traballo cooperativo.
- **Dixitalización.** Materia que desenvolve a competencia dixital mediante o uso de dispositivos dixitais (conexión, xestión de redes, instalar sistemas operativos e configuralos, internet,...), a creación e edición de información e contidos dixitais (textos, audiovisuais, traballar en redes, realidade virtual, ...), o pensamento computacional (programación básica, uso de datos, intelixencia artificial...) e promove a seguridade, o benestar dixital e unha cidadanía dixital crítica.
- **Intelixencia artificial para a sociedade.** Materia que introduce os fundamentos da intelixencia artificial e o uso de datos na resolución de problemas. Trabállanse aplicacións prácticas da IA, o pensamento computacional e a análise crítica do seu impacto social e ético. Favorece un uso responsable e consciente das novas tecnoloxías.
- **2ª Lingua Estranxeira (Francés).** Materia que desenvolve a competencia comunicativa en francés a través da comprensión e expresión oral e escrita en situacións cotiás e académicas. Estúdanse aspectos da lingua, como vocabulario, gramática e pronunciación, e tamén elementos culturais dos países francófonos.
- **Música.** Materia que explora a música como linguaxe artística a través da audición e comentarios de obras musicais, a interpretación e creación. Estúdanse os elementos da linguaxe musical e diferentes estilos e relaciónase a música con outras manifestacións culturais.
- **Expresión artística.** Materia que desenvolve a creatividade e a expresión persoal mediante técnicas gráfico-plásticas, audiovisuais e multimedia. Trabállanse o debuxo artístico e técnico, a fotografía e o deseño. Promóvese o uso responsable dos materiais e a reflexión sobre o impacto ambiental das prácticas artísticas.

MATERIAS OPTATIVAS EN 4º ESO

● **Filosofía.** Materia que introduce o concepto de filosofía (saber crítico, orixe, etapas,...). Estúdanse cuestións relativas á reflexión sobre o ser humano (personalidade, motivación, emocións...), o ser humano como ser social (orixe do xénero, da sociedade, do estado, problemas da sociedade actual...), o pensamento (o coñecemento, a racionalidade...)

● **Oratoria.** Materia que incide en aprender a falar en público para unha mellora colectiva ou para mellorar a propia vida persoal, académica e profesional. Trabállanse fundamentos da oratoria clásica, a retórica e o debate. Pretende recoñecer e analizar discursos (prensa, política, publicidade, relacións persoais...) e seleccionar fontes de información fiables e adecuadas. Favorece unha axeitada expresión das ideas empregando códigos verbais e non verbais, ferramentas dixitais, sempre con responsabilidade ética e favorecendo a convivencia.

Nota: soamente a podes escoller se non a tes cursada en 3º ESO

● **Cultura clásica.** Materia que trata aspectos relativos ás antigas civilizacións grega e romana: xeografía, historia, mitoloxía, arte, sociedade, lingua e literatura, así como a romanización de Hispania e Gallaecia.

Nota: soamente a podes escoller se non a tes cursada en 3º ESO